



Universidade da Coruña
Guía para os Estudantes Estranxeiros

Estimado estudante,

É un pracer para nós que consideres a UDC como destino para o teu período de intercambio.

A UDC, fundada en 1989, ten máis de 20 000 estudantes, 1 400 profesores e 24 centros que ofrecen estudos de Ciencias da Saúde, Ciencias Experimentais, Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Tecnoloxías e Enxeñarías etc.

É unha universidade internacional con moitos estudantes e docentes que participan en programas de mobilidade, con máis de 300 estudantes que chegan cada ano de distintos países.

Estudar na UDC é unha oportunidade interesante para aqueles estudantes que queiran gozar dunha experiencia internacional nun ámbito onde integrarse resulta moi sinxelo.

Esta guía proporcionarache información útil sobre estudar e vivir na UDC. En caso de ter algunha dúbida, o noso persoal de Relacións Internacionais estará encantado de te axudar.

Contido da guía

DESCRICIÓN E SITUACIÓN DA UDC -----	3
RAZÓNS PARA ESCOLLER A UDC -----	3
INFORMACIÓN INSTITUCIONAL -----	4
OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS -----	4
COORDINADORES DEPARTAMENTAIS -----	5
INFORMACIÓN ACADÉMICA -----	7
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA E CURSOS DE ESPAÑOL GRATUÍTOS -----	8
PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E DATAS LÍMITE -----	8
SEGURO MÉDICO -----	8
REXISTRARSE Á CHEGADA -----	9
ACTO DE BENVIDA E PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO -----	9
ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES PARA ESTUDANTES ENTRANTES -----	9
ALOXAMENTO -----	10
COMO CHEGAR -----	10
ACTIVIDADES EXTRACURRICULARES E DE OCIO NA UDC -----	11
PROCEDEMENTOS LEGALES PARA EXTRANXEIROS EN ESPAÑA -----	11

DESCRIPCIÓN E SITUACIÓN DA UDC

A Universidade da Coruña (UDC) foi fundada en 1989. É unha institución pública cuxo obxectivo é alcanzar o máis alto nivel de benestar social a través do avance social, científico e técnico. De acordo con este principio de servizo público, a UDC concibe como unha das súas misións formar cidadáns abertos, cultos, críticos, comprometidos, democráticos e de apoio. De aí que a apertura e colaboración con outras culturas sexa un dos seus compromisos fundamentais.

A Universidade da Coruña ten 24 centros que ofrecen programas de graos, mestrado e doutoramento en Ciencias da Tecnoloxía, Ciencias Experimentais e da Saúde, Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas. A oferta académica complétase cun Centro de Linguas que satisfai as necesidades de idiomas dentro da comunidade universitaria. En canto á investigación, ten tres centros tecnolóxicos dotados de destacados instrumentos e equipamento a nivel europeo, unha oficina dedicada á transferencia dos resultados da investigación e apoio á investigación, cunha relación moi próxima ao mundo empresarial e industrial.

A Universidade da Coruña está constituída por dous campus principais, un na cidade da Coruña (que inclúe os campus da Zapateira, Elviña, Oza e Riazor) e outro na cidade de Ferrol (cos campus de Esteiro e Serantes). Para máis información sobre a situación dos diferentes campus, recoméndase consultar a páxina web <http://internacional.udc.es/UDC/gl-ES>. Ambas as dúas cidades están localizadas no noroeste de España, na costa atlántica. Teñen un clima benigno con temperaturas suaves: a media no verán é de 21.5 °C e no inverno de 10.8 °C.

A cidade da Coruña (<http://www.turismocoruna.com>) é unha cidade costeira, de grande importancia histórica xa en tempo dos romanos e, ao mesmo tempo, unha cidade moderna e cosmopolita con máis de 250.000 habitantes.

É unha cidade industrial e de servizos, centro dunha área metropolitana máis grande. O símbolo da cidade é o famoso faro chamado "Torre de Hércules", que é o único faro romano que aínda funciona hoxe en día, e que foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2009.

A forma máis sinxela de chegar a A Coruña é en avión. O aeroporto de Alvedro está só a 15 minutos da cidade en coche.

A cidade de Ferrol(<http://www.ferrol.es/>) está a 30 minutos en coche da Coruña. Ferrol ten máis de 80.000 habitantes e representa o centro neurolóxico, comercial e industrial dunha das zonas máis densamente poboadas de Galicia. As características da súa localización marítima convérteno nun lugar estratéxico e por iso, o campus de Ferrol destaca polos seus estudos de Enxeñaría Naval.

Ambas as dúas son cidades para pasear, con centros moi activos con cafetarías, pubs, tendas e longos paseos, que as converte en lugares ideais para integrarse de xeito doado na vida cotiá dos seus habitantes.

UNHAS CANTAS RAZÓNS PARA ESCOLLER A UDC

A Universidade da Coruña forma parte dunha rede europea integrada por 46 países que imparten títulos compatibles. Ofrece 38 graos dentro do marco do espazo europeo de educación superior e 46 mestrados universitarios que abranguen todas as áreas de estudo.

A Universidade da Coruña fomenta de forma activa a mobilidade internacional entre os seus estudantes a través de acordos con máis de 40 países e prácticas de empresa en compañías europeas.

Os índices de emprego para os titulados da UDC son máis altos que a media das universidades españolas.

A maior parte dos titulados da UDC ocupa postos directivos ou técnicos.

A Universidade da Coruña fomenta o desenvolvemento creativo. Máis da metade do seu persoal docente ten entre 30 e 49 anos.

A investigación é esencial para manter excelentes niveis de ensino. A Universidade ten un amplo equipo investigador e un Centro Tecnolóxico.

Ofrece unha gran variedade de instalacións e tecnoloxía de vangarda para fomentar o estudo.

Fomenta de forma activa a educación integrante a través de programas específicos que abranguen áreas como a cultura, o deporte, a cooperación, a igualdade, o medio ambiente, os idiomas e a tecnoloxía.

INFORMACIÓN INSTITUCIONAL

Nome completo da institución	Universidade da Coruña (UDC)
Código Erasmus	E LA-CORU01
Carta Universitaria Erasmus	28678-IC-1-2007-1-ES-ERASMUS-EUCX-1
Dirección postal	Rectorado - A Maestranza nº 9 – 15001 A Coruña - ESPAÑA
Teléfono	+ 34 981 167000
Fax	+ 34 981 167013
Reitor	Prof. José Luis Armesto
Páxina Web	http://www.udc.gal

OFICINA DE RELACIONES INTERNACIONAIS

Dirección	Oficina de Relaciones Internacionais O Lagar - Campus de Elviña – 15071 A Coruña. SPAIN
Horario de atención ao público	De luns a venres, 09.00 to 14:00
Teléfono	+ 34 981 167000
Fax	+ 34 981 167013
Páxina web	http://international.udc.es

Contacto

Campus Coruña

Director Oficina de Relaciones Internacionais	Fernando Peña López Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1973 E-mail: erasmus@udc.es
Coordinadora de mobilidade	Sandra King Gouyer Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1953 E-mail: rrii@udc.es
Coordinador da International Summer School	Diego Varela Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1970 E-mail: dvarela@udc.es
Acordos internacionais	Ana López Pampin Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1956 Email: iro@udc.es
Mobilidades entrantes	Paula Porto / Ana López Tel.: + 34 981 167000 Ext.1958, 1956 E-mail: incoming.rrii@udc.es
Mobilidades saíntes	Ana Alonso / María Isabel Porto Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1959/1960 E-mail: outgoing.rrii@udc.es
Mobilidades visitantes / International Summer School	Inés Fernández Pita Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1981
Xestión económica	Susana Castro Nodar Tel.: + 34 981 167000 Ext. 1951 Email: ori@udc.es

Campus Ferrol

Mobilidades entrantes e saítes	Ana Pérez Ramos Edif. Apoio ao estudo – Campus Esteiro. Ferrol Tel.: + 34 981 167000 Ext. 3634 E-mail: riferrol@udc.es
--------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

COORDINADORES DEPARTAMENTAIS

CAMPUS A CORUÑA

Escola Técnica Superior de Arquitectura

Enrique Blanco

erasmuset@udc.es

<http://etsa.udc.es/web/>

Escola de Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

Manuel Herrador Barrios

mherrador@udc.es

<http://caminos.udc.es/>

Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

Alvaro Baaliña Insua

alvaro.baalina@udc.es

<http://www.nauticaymaquinas.es/>

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

Patricia Alonso Alonso

erasmus.euat.ie@udc.es

<http://euat.udc.es/>

Facultade de Ciencias

Moises Canle López

moves@udc.es

<http://ciencias.udc.es/>

Facultade de Ciencias da Comunicación

Ana González Neira

agonzalez@udc.es

<http://www.cienciasdacomunicacion.es/>

Facultade de Ciencias da Educación

Patricia Digón

Eduvice.estudiantes@udc.es

<http://www.educacion.udc.es/>

Facultade de Ciencias da Saúde

Inés Viana Moldes

iviana@udc.es

<http://www.udc.es/fcs/>

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Joaquín Gómez Varela

juako@udc.es

<http://www.udc.es/inef/>

Facultade de Dereito

Carmen Garcimartín Montero

Vicedecana.derecho@udc.es

<http://www.dereito.udc.es/>

Facultade de Economía e Empresa

Rosa Mariz Pérez

rmariz@udc.es

<http://www.economicas.udc.es/>

Facultade de Filoloxía

María Jesús Cabarcos

maria.jesus.cabarcos@udc.es

<http://www.udc.es/filo>

Facultade de Informática

Susana Ladra González
vicedecano.docente.fic@udc.es
<http://www.fic.udc.es/>

Escola Universitaria de Fisioterapia

Sandra Martínez Bustelo
sand24@udc.es
<http://www.udc.es/euf/>

Facultade de Socioloxía

José María Cardesín Díaz
cardes@udc.es
<http://www.sociologia.udc.es/es/>

Escola Universitaria de Enfermería

Carmen María García Martínez
alexia@udc.es
<http://www.udc.es/enfermariacoruna/>

Escola Universitaria de Relacións Laborais

María Romani
mromani@udc.es

Escola Universitaria de Turismo

Sarah Moss
sarahmoss@mun-do-r.com
<http://www.cenpcoruna.com/>

CAMPUS FERROL**Escola Politécnica Superior**

Ramón Artiaga Díaz
ramon.artiaga@udc.es
<http://www.udc.es/eps>

Escola Universitaria de Deseño Industrial

Nieves Pedreira Souto
nieves.pedreira@udc.es
<http://www.udc.es/ensino/detalleEstudio/index.html?language=es&codigo=771G01V01>

Escola Universitaria Politécnica

José Luis Calvo Rolle
Jose.rolle@udc.es
<http://lucas.cdf.udc.es/>

Facultade de Ciencias do Traballo

Asunción López Arranz
a.larranz@udc.es
<http://www.eurlf.com/>

Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Enfermaría: María Sobrido Prieto
maria.sobrido@udc.es
Podoloxía: Julia Janeiro Arocas
julia.janeiro@udc.es
<http://www.enfermeriaypodologia.com/>

Facultade de Humanidades e Documentación

Marcos Gestal Pose
marcos.gestal@udc.es
<http://humanidades.udc.es/>

INFORMACIÓN ACADÉMICA

Os estudantes de intercambio poden elixir calquera materia de calquera curso sempre que teña docencia. Para máis información, por favor contacta co coordinador departamental correspondente arriba mencionado.

Catálogo de cursos

Graos e Mestrados: <http://international.udc.es/Estudios/es-ES>

Datas de semestre

Semestre de inverno

Principios de setembro - finais de xaneiro

Semestre de primavera

Finais de xaneiro - mediados de xullo

Para información máis detallada sobre o calendario deste ano, por favor consulta a páxina web: [http://www.udc.es/ensino/calendario academico](http://www.udc.es/ensino/calendario_academico)

Sistema de cualificación: Na Universidade da Coruña utilízase unha escala de cualificación que vai de 0 a 10,

0,0-4,9:	Suspenso (SS).
5,0-6,9:	Aprobado (AP).
7,0-8,9:	Notable (NT).
9,0-10:	Sobresaiñte (SB)

A mención “Matrícula de Honra” poderá outorgarse a alumnos que obtiveran unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico, agás que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20. Nese caso poderase conceder unha soa “Matrícula de Honra”

Utilizamos tamén “Non Presentado (N/P)” cando o estudante está rexistrado nun curso e non fai ningún exame. Máis información sobre o sistema de cualificación será incluída no teu expediente de notas.

O sistema de cualificación da UDC é compatible coa escala de cualificación ECTS (A-E). Para máis información sobre o sistema ECTS, véxase a web oficial da Comisión Europea:

http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-policy/ects_en.htm

Expediente académico: O Certificado de Notas de todos os estudantes de intercambio será enviado á Oficina de Relacións Internacionais da universidade de orixe, despois da data límite que os profesores teñen para entregar as notas nos centros, e despois de que os estudantes marchen da UDC. Non se enviará ningún certificado á universidade de orixe ata que o estudante non remate o seu período de estudos na UDC.

Idioma de ensino

Na seguinte ligazón, podes consultar as materias impartidas en inglés:

<http://www.udc.gal/ori/internacionalizacion/programmesinenglish/content/facultades/index.html?language=es>

O resto das materias impártense en castelán ou en galego, xa que as dúas son linguas oficiais da UDC.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA E CURSOS DE ESPAÑOL GRATUÍTOS

Aínda que non é obrigatoria ningunha proba do nivel de español, un bo coñecemento polo menos do nivel B1 está recomendado.

A UDC ofrece aos estudantes entrantes un curso gratuíto de español de 30 horas ao principio de cada semestre. Recomendámoslles aos estudantes que participen nestes cursos. Para poder asistir a estes cursos é obrigatorio inscribirse.

Para información máis detallada sobre as datas e a inscrición en liña, por favor consulta a páxina web do Centro das Linguas da Universidade en: <http://www.udc.gal/centrodelinguas/extranjeros/index.html>

Os estudantes de intercambio poden tamén seguir cursos de galego durante o ano no Centro de Linguas da Universidade, con prezos especiais.

PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE E DATAS LÍMITE

Data límite para o semestre de outono (ou o curso académico completo) 15 de xuño

Data límite para o semestre de primavera 15 de novembro

Para aceptar os estudantes debe seguirse o seguinte procedemento antes das datas límite:

1. A universidade de orixe mandará por correo electrónico a lista dos seus estudantes nomeados
2. Unha vez seleccionado pola súa institución de orixe, cada estudante terá que seguir o procedemento que se indica no seguinte enderezo:

<http://www.udc.es/moveonline3/moveonline/incoming/procedure.php? language=en>

3. Logo debe enviarnos o formulario de solicitude en liña en documento pdf., asinado e impreso, xunto co formulario de solicitude ECTS e o contrato de estudos, que están dispoñibles no seguinte enderezo:

http://www.udc.gal/export/sites/udc/ori/_galeria_down/infestudantesextranxeiros/mobilidad_e_Erasmus/guia_acollida_UDC/LEARNINGAGREEMENT-INCOMING.doc (Erasmus) ou

http://www.udc.gal/export/sites/udc/ori/_galeria_down/infestudantesextranxeiros/convenios_bilaterais/guia_acollida/PROPUESTA_DEL_PLAN_DE_ESTUDIO.doc (bilaterais).

MOI IMPORTANTE:

As solicitudes dos estudantes de intercambio NON SERÁN TRAMITADAS sen la SOLICITUDE ONLINE e O CONTRATO DE ESTUDOS (Learning Agreement) debidamente asinados e selados pola universidade de orixe.

SEGURO MÉDICO

Todos os estudantes estranxeiros deben chegar cunha cobertura médica válida en España. Debe verificar se o seu país ten un acordo co Sistema de Seguridade Social español. Se non é o caso, debe traer unha cobertura de seguro privada.

Todos os estudantes rexistrados na UDC están cubertos pola póliza de seguro da Universidade da Coruña en caso de accidente mentres realicen actividades académicas.

REXISTRARSE Á CHEGADA

Os estudantes de intercambio necesitan rexistrarse na Oficina de las Relaciones Internacionais á súa chegada e traer consigo os seguintes documentos:

- 2 fotografías tamaño carné cun fondo branco
- Unha cobertura médica de seguros válida en España (Tarjeta Sanitaria Europea) ou un seguro privado
- Unha copia do DNI ou pasaporte
- Unha copia da proposta final do plan de estudos aprobado polos coordinadores da universidade de orixe (Learning Agreement/contrato de estudos).

Véxanse os detalles de contacto neste documento para coñecer os enderezos das oficinas e o horario de atención ao público na Coruña e en Ferrol.

Os estudantes recibirán o carné de estudante ao rexistrarse. Este carné de estudante permitiralles aos estudantes ter acceso a todos os servizos universitarios (biblioteca, sala de ordenadores, actividades deportivas, cafetarías etc...)

ACTO DE BENVIDA E PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO

Ao principio de cada semestre celébrase un acto de benvida para estudantes de intercambio. A data exacta será comunicada por correo electrónico a cada estudante. Durante este acto de benvida terás a oportunidade de coñecer as autoridades oficiais, o persoal dos nosos servizos, e falar con estudantes de aquí e con outros estudantes estranxeiros tomando un refrixerio.

Ademais, na Universidade da Coruña, un estudante local é designado para cada estudante estranxeiro. Este buddy student ou alumno de acompañamento axudarache, por exemplo, a atopar aloxamento na cidade, a planificar o teu horario de clases, ou a abrir unha conta bancaria.

A información seralles enviada por correo electrónico aos estudantes de intercambio pola Oficina de Relacións Internacionais unhas semanas antes da súa chegada.

ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES PARA OS ESTUDANTES ENTRANTES

AECEE é unha organización internacional de estudantes que promove a cooperación, a comunicación e a integración entre mozos en Europa. Axudan aos nosos estudantes de intercambio a integrarse na cultura e nos costumes españois, organizan viaxes culturais, tándems lingüísticos, concursos de comida internacional etc.

Máis información en <https://gl-es.facebook.com/aegeecoruna>

Correo electrónico: E-mail: aegee.coruna@gmail.com

ESN Coruña é unha asociación de membros voluntarios e sen ánimo de lucro que axuda a mellorar a integración social e persoal dos estudantes de intercambio que veñen ás universidades españolas.

Máis información en <https://www.facebook.com/esncoruna>

Correo electrónico: esncoruna@gmail.com

ALOXAMENTO

- Campus Coruña: A Universidade non ten residencia propia, e a solicitude para o programa de intercambio na UDC non inclúe oferta para un cuarto. Non obstante, algunhas residencias privadas da cidade ofrecen prezos especiais para os nosos estudantes de intercambio. Por exemplo, a residencia "Siglo XXI" (<http://www.resa.es/>) ou a Residencia Rialta (www.rialta.net).
- Campus Ferrol: a Universidade ten unha residencia propia: "Residencia Universitaria Pública de Ferrol". Existen tamén outras residencias privadas.

Os estudantes deberán contactar directamente coas residencias na Coruña ou en Ferrol para máis información.

A lista completa de residencias está dispoñible en:

<http://www.udc.es/sape/residencias/residencias.htm>

Tamén recomendamos a opción de alugar un piso compartido na cidade. Para máis información sobre aloxamento, pode tamén consultar as seguintes páxinas:

<http://www.pisocompartido.com>, <http://www.turismocoruna.com>, <http://www.CompartePiso.es> e <http://www.enalquiler.com/>.

COMO CHEGAR

<http://international.udc.es/UDC/gl-ES>

En avión

Aeroporto de Alvedro

Tel: +34 981 187 200

Distancia ao centro da cidade da Coruña: 8 Km (15 minutos en coche)

Distancia ao centro da cidade de Ferrol: 48 Km (30 minutos en coche)

Aeroporto de Lavacolla

Tel: +34 981 547 500

Localizado en Santiago de Compostela

Distancia ao centro da cidade da Coruña: 65 Km (40 minutos en coche). Hai autobuses e taxis para chegar á Coruña desde o aeroporto de Lavacolla. Distancia ao centro da cidade de Ferrol: 90 Km. (60 minutos en coche)

Aeroporto de Barajas (Madrid)

Distancia entre Madrid e A Coruña: 590 Km. (6 horas en coche)

Hai trens e autobuses para chegar a Ferrol ou á Coruña desde Madrid. Consulta os horarios de trens en: <http://www.renfe.es> e os horarios de autobuses en: <http://www.alsa.es/>

En tren

As estacións de tren están situadas nos centros das cidades da Coruña e de Ferrol. Por favor consulta os horarios na páxina web da compañía de trens en: <http://www.renfe.es/>

A primeira estación de tren que se pode atopar vindo de Europa é "Hendaia". A viaxe desde Hendaia ata Ferrol/A Coruña, dura 12 horas.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E ACTIVIDADES RECREATIVAS NA UDC

A nosa universidade fomenta todas as formas de actividades culturais ou deportivas como parte importante da educación dos estudantes en conxunto. Todos os participantes do noso programa de intercambio están autorizados a participar nas diversas actividades ofrecidas aos estudantes da UDC:

- Actividades culturais como talleres de baile (flamenco, baile moderno, ritmos latinos...), fotografía, bridge, xadrez, rutas culturais durante as fins de semana en diferentes lugares da nosa xeografía.
- A escola de música e o coro da universidade.
- A cooperación e o servizo de voluntariado, unha organización de voluntarios da universidade, que contribúe aos servizos sociais. <http://www.udc.es/ocv>
- Actividades deportivas como: atletismo, bádminton, baloncesto, béisbol, alpinismo, esgrima, fútbol, fútbol sala, judo, kung fu, natación, rugby, tenis, tenis indoor, tiro con arco, voleibol, mergullo, bicicleta de montaña, esquí, piragüismo, remo e vela.
- Acceso ás instalacións deportivas dentro do campus como: rocódromo, pistas de baloncesto e fútbol, ximnasio ou pista de atletismo.
- Para máis información: <http://international.udc.es/Eventos/es-ES>

PROCEDIMENTOS LEGAIS PARA ESTRANXEIROS EN ESPAÑA

Para máis información sobre os procedementos legais que os estranxeiros teñen que facer (só os que van quedar na UDC máis de tres meses), por favor consulta a seguinte páxina <http://extranjeros.meyss.es/es/InformacionInteres/InformacionProcedimientos/>.